

**Título: O aniversario.**

Pseudónimo: *Sar.*

*What are you doing? Leave me alone!  
Can't you see I'm dreaming?  
In a dream you are never eighty.*

*-Anne Sexton*

No meu aniversario  
desfago as trenzas,  
espío desde preto as enrugadas novas,  
deslizo un dedo polo fío da morte.

Fóra é morno e tranquilísimo.

\*

E andar á procura  
é un exercicio inmenso.

Desde este lume esgotado observo o forte,  
as murallas todas,  
infinitamente verdes,  
carcomidas tamén polo tempo.

Podo entender esa ruindade.  
Desde este xesto tan antigo,  
entendo esa ruindade.

Ti fedellas co sorriso na túa cara de neno.  
Non comprendes,  
non comprendes nada.

Non hai verde no teu sol.

Non hai gretas.

Mírame.

Esta son eu chea de medo.

\*

Abandono a fortaleza.

Non sei se ti,

non sei porque me impido destacar o verde,  
notarme as tempas  
xélidas,  
agarimando o futuro,  
e todo o resto.

O día é longo e descoñezo.

Descoñezo tamén como unha nena.

Tamén,  
a pesar de todo.

\*

E é o meu aniversario.  
Un aguia voa fóra e non alcanza.  
Porfía en romper a cor do tempo.

Non alcanza.

Tampouco hai axilidade nela.  
Nin cobixo.

\*

E a carón da mesma fiestra,  
desde a fin da vixilancia,  
rabuño suave as enrugas novas.

Eu rabuño.

Ti descansas certo sobre un século de brotes.